INFORME

A internacionalización dos centros da Universidade de Vigo

Febreiro de 2024

Universidade Vigo

Vicerreitoría de Internacionalización

ÍNDICE

1. Introdución 2
2. Metodoloxía 3
3. Participación 3
4. Análise das respostas 4
A. Estratexia internacional 4
B. Mobilidade 9
D. Internacionalización na casa 21
E. Universidade Europea: ATHENA 22
F. O centro 25
5. Conclusións 32

1. Introdución

Este informe recolle a análise das respostas á enquisa realizada pola Vicerreitoría de Internacionalización aos centros da Universidade de Vigo co fin de coñecer o seu grao de internacionalización e a súa satisfacción co traballo desenvolvido dende a Vicerreitoría e a Oficina de Relacións Internacionais. A enquisa pode consultarse no Anexo I deste informe.

Estaba dividida nos seguintes bloques temáticos:

A. Estratexia internacional
B. Mobilidade
C. Plurilingüismo
D. Internacionalización na casa
E. Universidade Europea: ATHENA
F. O centro

Coa enquisa pretendíase obter información sobre:

- A estratexia de internacionalización de cada centro da Universidade de Vigo.
- O grao de coñecemento que ten o persoal dos centros sobre os diferentes programas de mobilidade para estudantado, PDI e PTXAS.
- A docencia impartida en inglés e a súa repercusión na atracción de alumnado internacional.
- As accións de internacionalización e captación internacional que levan a cabo os centros.
- O grao de coñecemento e satisfacción sobre as actividades da Vicerreitoría de Internacionalización e da ORI.
- O grao de coñecemento e implicación nas redes e alianzas internacionais ás que pertencen os centros e a Universidade de Vigo.
- As necesidades e as suxestións para mellorar o nivel de internacionalización de cada centro.

2. Metodoloxía

A enquisa realizouse a través dun formulario en liña e facilitouse aos equipos directivos dos centros a súa ligazón a través do correo electrónico que figura no Anexo II deste informe. Nese mesmo correo electrónico achegóuselles unha copia en *pdf* da enquisa para que as persoas responsables de cubrila puidesen coñecer de antemán a información solicitada. Este formato permitiu extraer a información para cada unhas das preguntas con valores numéricos, comentarios ou mediante despregables segundo a intencionalidade da pregunta. As respostas quedaron reflectidas nunha folla de cálculo.

A enquisa foi enviada aos centros a mediados de xullo de 2023 e estivo aberta ata o 15 de novembro de 2023.

3. Participación

O correo electrónico coa ligazón á enquisa foi enviado a 31 centros da Universidade de Vigo, obténdose resposta de 7 centros do campus de Ourense (non participaron 3 centros), de 4 centros do campus de Pontevedra (non participaron 3) e 10 centros do campus de Vigo (non participaron 4).

4. *Análise das respostas*

Este apartado inclúe as respostas a cada unha das preguntas da enquisa organizadas segundo os bloques establecidos así como unha análise das mesmas:

A. Estratexia internacional
B. Mobilidade
C. Plurilingüismo
D. Internacionalización na casa
E. Universidade Europea: ATHENA
F. O centro

A. Estratexia internacional

Este apartado ten como obxectivo obter información sobre a estratexia internacional de cada centro en relación ao número e calidade dos convenios dos que dispoñen, á participación en redes internacionais, ás dobres titulacións internacionais e titulacións conxuntas que posúen e ás iniciativas de captación internacional.

Pregunta 1: Indique o grao de satisfacción co número e calidade dos convenios que o centro ten actualmente.

O gráfico mostra como, en xeral, a satisfacción cos convenios é positiva, un 4 sobre 5, malia que hai algunha facultade que non está do todo satisfeita.



Desde a Vicerreitoría de Internacionalización trabállase para conseguir novos acordos de colaboración. Sen embargo, a última palabra sobre convenios é dos centros, xa que son eles quen comproban que os plans académicos das universidades socias se adecúan aos das súas titulacións e

reciben o *feedback* directo do estudantado, PDI e PTXAS saínte e entrante para coñecer as debilidades e fortalezas.

Cómpre desenvolver este traballo en colaboración cos persoas responsables internacionais, que son as encargadas de propor ou cancelar convenios segundo a estratexia perseguida polo centro.

Pregunta 2: Indique se o centro participa nalgunha rede internacional.

Neste caso, tan só dúas facultades da UVigo participan en redes internacionais, concretamente en:

- Erasmus Forestry Network
- Campus do Mar



Pregunta 3: Indique se o centro ofrece actualmente dobres titulacións internacionais acolléndose á normativa de recoñecemento mutuo de créditos.

Malia que máis do 50 % das respostas dos centros confirman que non ofrecen dobres titulacións internacionais, un 14 % dos centros responderon que si dispoñen deste tipo de titulacións. Concretamente as universidades coas que se teñen ou se están deseñando dobres titulacións internacionais son:

- Hochschule Bochum (Alemaña)
- Université de Pau et des Pays de l'Adour (Francia)
- Ho Chi Minh City University of Technology (Vietnam)
- Politechnika Łódzka (Polonia)
- Hochschule Bremerhaven (Alemaña)
- Universidad Gastón Dachary (Arxentina)
- Universidad Nacional Abierta y a Distancia - UNAD (Colombia)
- Universidade de São Paulo - USP (Brasil)

- Università degli Studi di Palermo (Italia)
- Université de Bourdeaux (Francia)

Pregunta 4: Indique se o centro ofrece algunha titulación conxunta internacional.

No caso de titulacións conxuntas, un 70 % dos centros non ofrecen esta modalidade de titulacións. Preto dun 28 % dos centros enquisados estarían interesados en ter titulacións conxuntas e só un 3-4 % xa as teñen. Un centro indica que posúen un PCEO.

A UVigo elaborou en febreiro de 2024 dúas propostas nas que participan universidades de ATHENA e institucións de México, Brasil, Turquía e Exipto para incrementar a oferta de mestrados Erasmus Mundus.



Pregunta 5: Coñece as convocatorias ERASMUS+ KA171 e a súa potencialidade de cara a establecer contactos con países extracomunitarios?

O 86% dos centros enquisados respondeu que Si coñecen estes programas.



Pregunta 6: Participou algún docente como coordinador/a dalgún dos proxectos asociados a esta convocatoria?

Un 59% dos centros indica que algún dos seus docentes participou como coordinador/a dalgún deste proxectos.



Pregunta 7: Indique se o centro dispón dunha estratexia de captación internacional.

A maioría dos centros manifestou a inexistencia dunha estratexia de captación internacional en calquera dos niveis de estudo (grao, mestrado e doutoramento)



As actuacións que se están a levar a cabo desde a Vicerreitoría de Internacionalización xunto coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade inclúen a participación en feiras e actividades de captación a nivel internacional. Nelas faise mención ao éxito das bolsas BEME (Bolsas Excelencia Mocidade Exterior da Xunta de Galicia) dirixidas a galegos/as que estean residindo no estranxeiro para realizar certos mestrados en universidades galegas.

Ademais, a Vicerreitoría a través das súas redes sociais trata de amosar ao alumnado de secundaria e bacharelato doutros países información sobre titulacións de grao, mestrado ou doutoramento.

Pregunta 8: Se ten algunha estratexia, especifique brevemente en que consiste.

As respostas abertas a esta cuestión amosan que a meirande parte dos centros non dispoñen dunha estratexia definida. A continuación, transcríbense algunhas das respostas obtidas,:

- «Estamos a comezar e non sei se se pode chamar «estratexia», pero nestes momentos intentamos colaborar con centros que preparan a estudantes de países como Marrocos para aprobar a selectividade española. Tamén tentamos colaborar con Campus Spain. Tamén somos bastante activos nas redes sociais, cara aos países de fala hispana».
- «Empregamos os proxectos KA171 y CBHE para captar estudantado para os programas de doutoramento, con bastante éxito».
- «Empregamos a divulgación das nosas titulacións a través das nosas páxinas web e redes sociais; conversas particulares entre coordinacións das titulacións e centros estranxeiros».
- «No caso do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural faise todos os anos unha campaña (a través do *mailing*) para captar estudantado do ámbito hispano-lusófono dirixido ao continente americano».
- «Uso de redes sociais, contacto con universidades socias».
- «Abren camiño os contactos directos de PDI con centros de investigación que fan de embaixadores das nosas titulacións. E, despois, iniciamos desde o equipo decanal as conversacións. Tamén empregamos as redes sociais».

B. Mobilidade

Neste apartado recóllese información sobre o grao de satisfacción dos centros co funcionamento da ORI e coa xestión que dende ela se fai dos programas de mobilidade de estudantado, PDI e PTXAS. Tamén se recolle información sobre o punto de vista dos centros sobre a creación dunha normativa de equivalencia de cualificacións.

Pregunta 1: Indique o seu grao de satisfacción co funcionamento da Oficina de Relacións Internacionais (ORI).

En xeral, a valoración foi moi positiva, sendo 14 os centros que valoran o funcionamento entre 4-5 puntos (sendo 5 a máxima valoración).



Pregunta 2: Engada as suxestións que considere oportunas sobre a xestión dos programas que realiza a ORI.

Atendendo aos comentarios obtidos, pódese realizar unha agrupación dos comentarios en dous grandes bloques:

Comentarios positivos:

- «Realiza unha xestión excelente.»
- «Paréceme adecuada a xestión.»
- «Consideramos que a ORI realiza unha boa xestión dos diferentes programas.»

Comentarios que solicitan accións:

- «Contar con algunha charla ou vídeo informativo cando haxa cambios salientables nos programas.»
- «Precisan de máis persoal, o problema non é da xente que alí traballa é de que non dan abasto.»
- «Quizais a ORI debería ter máis persoal para poder facer fronte ao traballo que hai e dar máis apoio aos centros.»
- «Consideramos que é necesario que o persoal de apoio nos diferentes programas sexa estable, isto facilitaría a súa implantación e desenvolvemento. Dispoñer dunha guía para cada un dos programas, que facer e cando, específica para a mobilidade do persoal e de estudantes. Tamén ter un calendario definido de convocatorias, con polo menos dúas ao ano.»
- «Considero importante que se reforce e estabilice o persoal da oficina para dar unha atención áxil (especialmente ao alumnado entrante, para os que somos un escaparate/carta de presentación da Universidade).»
- «Coido que sería útil poñer unha data límite oficial para que o alumnado de intercambio entrante envíe os seus LAs á UVigo (por exemplo, principios de xullo para mobilidades de 1.º cuadrimestre e finais de decembro para mobilidades do 2.º cuadrimestre). Isto daría algo de marxe ás persoas coordinadoras para revisar os documentos e detectar e xestionar incidencias.»
- «Como a admisión do alumnado de grao entrante é automática, sería interesante que se informara aos/ás coordinadores/as da titulación de orixe do alumnado para ver que efectivamente se axusta á docencia dispoñible no centro. Unha opción sería incluír esa información na carta de aceptación; outra opción sería que, cando a ORI nos pon en copia da mensaxe de benvida a cada alumno de grao, engada tamén a solicitude para que podamos ver aí a titulación.»
- «Mellor coordinación cos responsables de internacionalización dos centros do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de cada ano.»

Pregunta 3: Engada as suxestións que considere oportunas sobre a comunicación entre a ORI e os centros.

Con respecto a esta pregunta cómpre salientar as seguintes respostas:

- «Ser informado dos cambios no persoal de contacto habitual.»

- «A comunicación é todo o boa que pode ser.»
- «Sería interesante ter un enlace da ORI en cada centro para poder facer fronte aos problemas diarios do estudantado *incoming* / *outgoing*.»
- «Pensaría en empregar algún medio que non sexa o correo electrónico. Algo así como Teams, un espazo que facilita a comunicación entre os centros e a ORI, pero tamén entre centros. Dispón de espazo para compartir arquivos, mensaxes etc. Evitaríanse duplicidades, e ter que enviar correos electrónicos regularmente actualizando información etc.»
- «A comunicación melloraría significativamente se tes persoal estable co que contactar en cada un dos programas.»
- «Respostas mais rápidas.»
- «Considérase correcta máis alá dos inevitables retrasos, probablemente relacionados cos escasos recursos humanos xa comentados.»
- «Debería explorarse o uso doutras vías de xestión da comunicación coma xestores documentais e similares.»
- «A comunicación é en todo momento fluída e os esforzos da ORI para mellorar a comunicación son salientables.»
- «Consideramos que dentro das súas posibilidades, a ORI mantén unha comunicación fluída co noso centro. Somos conscientes do volume de traballo que teñen e do persoal reducido. Consideramos que unha sección da ORI no campus de Ourense sería de gran axuda.»

Pregunta 4: Considera que a UVigo debería ter unha normativa de equivalencia de cualificacións? Xustifique a súa resposta.

En termos xerais aos centros gustaríalles dispor dunha normativa de equivalencia de cualificacións unitaria. Salientamos algúns dos comentarios recibidos:

- «Si, para poder xustificar cun fundamento legal o resultado final obtido polo alumnado. Para homoxeneizar os resultados académicos de todos os centros.»

- «Por suposto considero que é imprescindible, temos que andar buscando moitas veces a información noutras universidades que si a teñen. É imperioso tela para ser homoxéneos nas validacións.»
- «Sería mellor que fose homoxénea por ámbitos de coñecemento.»
- «Correcto. En internacionalización todo o que sexa estandarización simplifica o traballo.»
- «Si, polo menos unha escala que permita converter facilmente as puntuacións doutros países á escala española 0-10. Aínda que entón cada centro poderá aplicar, se é o caso, un coeficiente corrector. Evitaría que cada responsable teña que investigar os sistemas de valoración de cada país e establecer as súas propias escalas.»
- «Debería haber senón unha táboa de equivalencias.»
- «Si, posto que facilitaría a tramitación das mencionadas equivalencias de cualificación.»
- «Si, para facilitar o recoñecemento de materias ao regreso das estancias de intercambio.»
- «Creo que sería moi conveniente, de forma que o estudantado tivera forma de coñecer *a priori* as notas que se corresponden.»
- «Sería moi desexable para evitar que se apliquen criterios arbitrarios nas distintas titulacións, ou que se cometan erros por descoñecemento das situacións particulares de cada estudante. Tamén sería desexable que os alumnos saíntes tiveran que aprobar un mínimo de créditos para manter a súa bolsa de mobilidade.»
- «Si, totalmente, vemos necesario unha normativa de equivalencia de cualificacións conxunta para que todos os centros utilicemos o mesmo baremo.»

Sen embargo existen respostas negativas:

- «Depende de cal sexa o seu alcance»
- «Non. En todo caso, por centros.»
- «Non. Os centros son heteroxéneos e as universidades de destino, dentro dun mesmo país, tamén.»
- «Non, entendemos que debe ser competencia dos centros establecer a devandita normativa de equivalencia, no caso da Facultade de Dereito contamos con esta normativa.»

- «Empregando as táboas existentes, non atopei ningún problema coa cualificación nin tivemos ningunha cualificación reclamada por consideralas inadecuadas/inxustas, polo que non creo que sexa necesario.»

Pregunta 5: Indique se coñece os programas de mobilidade e as bolsas complementarias.

En xeral, os centros coñecen todos os programas de mobilidade, sobre todo Erasmus+ KA131, bolsas propias, SICUE, ISEP e as bolsas complementarias da Xunta, do Santander e das Deputacións de Ourense e Pontevedra. Sen embargo, algún centro descoñece a convocatoria BIP, Erasmus+ KA171, Vulcanus ou GE4.

De aí que haberá que seguir facendo difusión dos diferentes programas de mobilidade (material gráfico, charlas, redes sociais, correo electrónico, pílulas audiovisuais, etc.).

C. Plurilingüismo

Neste apartado avalíase a participación dos centros da Universidade de Vigo no Plan de Internacionalización Lingüística (docencia en inglés), no programa de materias *English Friendly*, entre outros. Todas estas accións son consideradas esenciais para captar estudantado internacional, sexa como estudantado ordinario ou como estudantado entrante baixo un programa de mobilidade.

Pregunta 1: Indique se o centro ofrece titulacións coa docencia impartida maioritariamente en inglés.

Nesta pregunta, 18 dos 22 (86,4 %) centros indicaron que non ofrecen titulacións coa docencia impartida maioritariamente en inglés. Destes 18 centros, 3 (9 %) declaran o seu interese en implantalas.



Pregunta 2: Indique se o centro participou no Plan de Internacionalización Lingüística 2016-2017.

Máis dun 60 % non participou ou descoñece a existencia do Plan de Internacionalización Lingüística 2016-2017.



Pregunta 3: No caso de responder si, en que modalidade participou?

É importante recordar as modalidades que existían nese plan:

Modalidade A: plans de internacionalización que teñan en conta a implantación de liñas completas en linguas estranxeiras.

Modalidade B: plans de internacionalización que desenvolven unha oferta estruturada nunha lingua estranxeira dirixida á captación de estudantado internacional e á internacionalización do alumnado propio de polo menos 30 ECTS, de xeito que o estudantado de intercambio poida cursar polo menos un cuadrimestre completo nunha lingua estranxeira na titulación obxectivo.

Modalidade C: plans de internacionalización que recolle outros instrumentos de internacionalización universitaria.

Dos centros que responderon nesta enquisa e que participaron no Plan (12 centros), o 100% participou na modalidade B.

Pregunta 4: No caso de ter participado, indique o seu grao de satisfacción co Plan de Internacionalización Lingüística .

Sete dos doce centros que participaron no Plan de Internacionalización Lingüística e que cubriron esta enquisa valorárono do seguinte xeito:

- 4 centros como SATISFEITO
- 2 como BASTANTE SATISTEITO
- 1 como POUCO SATISFEITO

Os centros achegaron as seguintes valoracións:

- «Son poucos os estudantes que elixen o plan de internacionalización.»
- «Os estudantes estranxeiros non contaban, só os seus; De non matricularse, a materia en inglés desaparecería aínda que houbese estudantes estranxeiros matriculados.»
- «Pouco apoio e orientación (nin financeira nin persoal) para o desenvolvemento das actividades de internacionalización propostas.»
- «Dependencia da voluntariedade do profesorado.»
- «Eficacia moderada para incorporar aos iniciadores.»
- «En xeral, cumpríronse os obxectivos perseguidos en que as materias implicadas teñen un número de alumnos matriculados bastante constante, cunha lixeira tendencia á alza, e forman parte da actividade docente normal da facultade.»

- «Grande acollida por parte do noso alumnado e a posibilidade de captar estudantes ERASMUS e ISEP.»

Pregunta 5: Indique o número de docentes do centro que teñen a cualificación HELA para impartir docencia en inglés.

Un total de 143 docentes teñen a cualificación HELA.



Pregunta 6: No caso de que no centro se impartan materias English Friendly, indique o número das ofertadas para o curso 2023-2024.

Os centros que ofertan materias *English Friendly* son case todos das ramas tecnolóxica e científica. Enxeñaría Industrial oferta 38 materias, mentres que Bioloxía conta con 30 materias.



Pregunta 7: No caso de que o centro as imparta, indique o seu grao de satisfacción co programa English Friendly.

O 40% dos centros que responderon a esta enquisa e que dispoñen de materias *English Friendly* están medianamente satisfeitos co programa (3 de 5 puntos). O 33% valorárono cun 4 de 5 puntos.



Pregunta 8: Engada os comentarios que considere oportunos sobre o funcionamento do programa English Friendly no seu centro.

Os comentarios recibidos máis salientables foron:

- «Non existe ningún tipo de incentivo para que o profesor faga o esforzo adicional de facer unha materia *English Friendly*, nin o incentivo para impartir materias en inglés é suficiente.»
- «Non parece haber moita demanda por parte do alumnado, xa que todo o ensino é en castelán/galego. *A priori,* salvo algúns casos moi concretos de

estudantes de intercambio cun baixo nivel de español, os estudantes de grao saben que terán que cursar a maioría das materias en castelán/galego, polo que de pouco serve esta opción. Por outra banda, podería ser de interese para os mestrados, que ao ser un só curso, se unha boa parte das materias o adoptasen, poderían resultar atractivos para o alumnado cun escaso nivel de español á súa chegada. Pero precisamente esta iniciativa segue limitada aos graos, non sabemos por que.»

- «Aínda que a resposta do profesorado foi, en xeral, boa, e a maioría mostrouse disposto a participar no programa, o alumnado estranxeiro non opta por estas materias. Non poder seguir as clases en inglés dificulta moito as materias.»
- «Entre as respostas recibidas do PDI implicado no programa *English Friendly*, sinalamos que unha das partes insiste en que o traballo que leva implicitamente a elaboración dos materiais didácticos en inglés carece de recoñecemento no POD, ou implica un certo grao de satisfacción moi baixo.»
- «Non aportan moito.»
- «O profesorado está disposto a facelo, pero as recompensas da universidade son escasas, o que dificulta que se sume novo profesorado.»
- «As materias *English Friendly* non teñen ningún impacto sobre as materias da facultade no día a día. O número de estudantes que realizan mobilidade internacional é moi limitado e a súa interacción co profesorado en materias amigables con inglés é moi limitada. Pensamos que este programa debería incluír máis elementos que se imparten en inglés nas materias que lle están adscritas, para que poidan ser verificados nas súas guías didácticas na plataforma Moovi.»
- «Tras unha enquisa entre o profesorado da nosa facultade manifestan que sería desexable que, habendo alumnado do programa matriculado nas materias, tivese unha maior repercusión no POD.»
- «O alumnado estranxeiro ten expresado que lle gustaría ter máis recursos en inglés dos que proporciona na actualidade o programa *English Friendly*, como materiais (presentacións, exercicios entre outros) en inglés.»
- «En xeral, o persoal docente é consciente do que implica e o estudantado estranxeiro que cursou materias *English Friendly* quedou satisfeito coas titorías, exames e prácticas en inglés. Aínda así, todos demandan máis materias en inglés.»

Pregunta 9: Escolla as necesidades de formación lingüística que hai no seu centro.

Saliéntase a importancia que o inglés ten para impartir docencia, para participar no programa *English Friendly*, para intervir en foros internacionais ou para que o estudantado realice a defensa de TFG e TFM en inglés.



Téñense que salientar os seguintes comentarios:

- «Temos polo menos 4 PDI interesados/as en cursos en liña de inglés.»
- «Fixéronse grandes esforzos no centro. Deberían continuar.»
- «Os centros non teñen competencias na formación lingüística do profesorado que imparte as titulacións. Como a xestión do profesorado está organizada na UVigo, deben ser os departamentos, ou a través da vicerreitoría, como se xestione este proceso.»
- «Sería importante potenciar a formación lingüística do alumnado de nacionalidade española, aínda que non se deba a que as actuais titulacións non teñan cabida para materias que impartan en lingua inglesa. Este tema debería ser obxecto de estudo a nivel universitario e quizais facilitar a participación do alumnado nos cursos de formación do centro de idiomas.»
- «Formación para o PAS.»

Pregunta 10: Podería o seu centro ofrecer aulas e horarios para satisfacer as necesidades de formación lingüística do PDI, PTXAS e alumnado propio?

Máis dun 85 % dos centros poderían ofrecer a súas aulas e horarios para satisfacer as necesidades de formación lingüística do seu estudantado e persoal.



D. Internacionalización na casa

O apartado de internacionalización na casa pretende recoller a impresión dos centros sobre todas as actividades de internacionalización que se levan a cabo, independentemente da estratexia establecida desde a Vicerreitoría de Internacionalización. Detectouse que as preguntas deste bloque foron as que máis dúbidas suscitaron.

Pregunta 1: Realízanse no seu centro actividades de internacionalización na casa?

A meirande parte dos centros, máis dun 86 %, non realizan actividades deste tipo, ou mesmo descoñecen de que se trata cando se fala deste termo.



É competencia da Vicerreitoría de Internacionalización traballar na difusión deste concepto e asesorar sobre actividades (tándem lingüístico, clases espello, COILs-Collaborative Online International Learning, etc.).

Pregunta 2: Ten algunha suxestión de actividade de internacionalización na casa?

Aínda que en xeral os centros piden máis información para coñecer ben de que se trata o concepto de *internacionalización na casa*, pódense salientar os seguintes comentarios:

- «Algunha actividade de tipo musical que xunte a alumnos entrantes e da UVigo. En tempos, o coro universitario de Vigo (agora extinto) atraía a bastantes estudantes internacionais. Unha escola de verán ou un clube de lectura en inglés e/ou español.»
- «Apoiar a docencia nos títulos de grao e mestrado do noso centro.»

- «Incrementar as materias que se imparten en inglés. Cursos de inglés no centro para o estudantado.»

E. Universidade Europea: ATHENA

A Universidade de Vigo forma parte da alianza europea ATHENA desde xuño de 2022. O traballo nesta rede foi constante desde o primeiro día e é algo que a Vicerreitoría de Internacionalización tratou de difundir por toda a UVigo. As persoas responsables das relacións internacionais de cada centro foron, xunto co PDI e PTXAS que participan nos diferentes paquetes de traballo, as primeiras en coñecer a alianza e as actividades que se desenvolven no seu marco. Neste apartado, trátase de identificar o grao de coñecemento e implicación dos centros nas actividades de ATHENA.

Pregunta 1: Indique se sabe que é ATHENA.

Só 1 dos centros descoñece de que se trata ATHENA.



Pregunta 2: Indique se coñece a newsletter de ATHENA.

Segundo as respostas, só un 36% dos centros da Universidade de Vigo coñece a *newsletter* de ATHENA.



Pregunta 3: Indique se o persoal docente e/ou investigador do centro estaría interesado en participar activamente nalgunha das actividades de ATHENA.

Un 59 % dos centros enquisados indicou que estarían interesados en participar nas actividades de ATHENA. De feito, completan esta información co nome e enderezo de correo electrónico das persoas interesadas para contactar con elas directamente.



Pregunta 4: Considera de interese que se realicen xornadas informativas sobre ATHENA dirixidas ao persoal e ao estudantado?

Un 90 % dos 22 centros que responderon a enquisa considera interesante participar nestas xornadas.



Pregunta 5: Interesaríalle participar no marco do proxecto ATHENA en cursos de formación, BIP, dobres titulacións internacionais ou titulacións conxuntas?

En termos xerais, detectouse que os centros consideran interesante a participación en todas as actividades suxeridas coas entidades socias de ATHENA. Amosaron un grande interese en participar en proxectos de investigación conxuntos e en cursos de formación para estudantado, PDI e PTXAS. Con menos cantidade de centros dispostos, tamén lles gustaría participar en BIPs, dobres titulacións internacionais, titulacións conxuntas e cursos conxuntos virtuais.



F. O centro

Neste apartado, preséntanse os resultados das respostas ás preguntas enfocadas a coñecer as necesidades de cada un dos centros da Universidade de Vigo para seguir traballando en prol da internacionalización, a mobilidade internacional e a captación de novo estudantado internacional. Deste xeito, a Vicerreitoría de Internacionalización poderá deseñar novas actividades e iniciativas.

Pregunta 1: Indique se a web do seu centro está dispoñible en inglés.

O 54 % dos centros teñen as súas webs en inglés.



Pregunta 2: Indique se o centro dispón dun taboleiro para anunciar bolsas e actividades vencelladas á internacionalización.

Case un 60 % dos centros enquisados teñen un taboleiro para o anuncio de bolsas de mobilidade e outras actividades relacionadas con internacionalización.



Pregunta 3: Ten o centro unha normativa propia de mobilidade?

O 60 % dos centros da UVigo que responderon a esta enquisa teñen unha normativa propia de mobilidade.



Pregunta 4: No caso de ter normativa propia, está publicada na web do centro?

Xeralmente, os centros confirman que está publicada na web do propio centro.

Pregunta 5: Indique se a persoa responsable de relacións internacionais é coordinador/a ou vicedecano/a ou subdirector/a do centro.

Na meirande parte dos centros (54 %), as persoas responsables de relacións internacionais pertencen ao equipo directivo do centro. O 18,2% son coordinadores/as e o restante 27,3% son outras figuras.



Pregunta 6: Indique se o centro organiza reunións informativas sobre os diferentes programas de mobilidade.

O 86 % dos centros enquisados indicaron que organizan reunións informativas sobre os programas de mobilidade cando se publican as convocatorias.



Pregunta 7: Indique se coñece as liñas estratéxicas da UVigo co ámbito hispanófono e lusófono.

Máis da metade dos centros descoñecen estas liñas estratéxicas relacionadas cos eidos hispanófono e lusófono.



Pregunta 8: No caso de coñecer as liñas estratéxicas da UVigo co ámbito hispanófono e lusófono, indique se o centro está a realizar algunha actividade vencellada a estes obxectivos.

Como a meirande parte dos centros descoñecen estas liñas estratéxicas, tamén descoñecen calquera actividade vencellada a estes obxectivos, e así se reflicte nos resultados obtidos.



Pregunta 9: No caso de realizar algunha actividade, indique cal ou cales e unha breve descrición.

Catro dos 21 centros comentaron aspectos como os seguintes:

- «Temos financiamento dentro do programa Erasmus KA171 con universidades de Chile e Ecuador»
- «Charlas informativas»
- «Mobilidades STA, por exemplo»

Pregunta 10: Indique se o centro dispón dunha estratexia de internacionalización.

Máis dun 75 % dos centros enquisados non teñen ningunha estratexia implantada.



Pregunta 11: No caso de dispor dunha estratexia de internacionalización, descríbaa brevemente.

Malia non ter estratexias de internacionalización, os centros agregan comentarios como os seguintes:

- «Traballamos en liñas de captación de estudantado estranxeiro para doutoramento e de aumentar os acordos de recoñecemento de créditos para ter deste xeito dobres titulacións, pero os obxectivos particulares estanse a establecer co programa estratéxico do centro.»
- «Conseguir convenios nas 3 titulacións ofertadas con universidades de certo prestixio.»
- «Apoio á formación lingüística do noso propio alumnado, mantemento e ampliación do ensino en inglés para a formación do noso propio alumnado e captación de estudantes de intercambio entrantes, mantemento e ampliación dos convenios de intercambio.»
- «Realízanse charlas de difusión entre o alumnado para promover as convocatorias de mobilidade.»
- «Consolidar a participación da comunidade do noso centro nas actividades e programas de internacionalización existentes na UVigo. Captar estudantado estranxeiro para graos, mestrados e docencia.»

Pregunta 12: Comente as medidas ou accións que, na súa opinión, a Vicerreitoría de Internacionalización podería implementar para contribuír á estratexia de internacionalización do seu centro.

Entres as accións suxeridas polos centros atopamos comentarios como:

- «Charlas informativas sobre o plan, facilitando a promoción da lingua inglesa.»
- «Axudar na implantación de materias en inglés.»
- «Contar cunha persoa administrativa no centro que axude na parte administrativa e ao mesmo tempo libere á ORI do traballo.»
- «Recompensar as materias amigables en inglés. Apoiar máis a docencia en inglés.»
- «Facilitar a implantación de novas dobres titulacións internacionais. Apoiar e facilitar a participación en feiras internacionais de educación como aquelas nas que participa o ICEX.»
- «Sería interesante contar cunha persoa dedicada á difusión internacional dos actos que se realizan na escola, especialmente para os doutoramentos. Tamén promoción e información sobre o grao e mestrado durante os períodos de solicitude de mobilidade Erasmus+.»
- «Planificar, executar e controlar un proxecto de achegamento ás universidades punteiras nalgunha das titulacións do noso centro.»
- «En primeiro lugar, agradeceriamos unha maior axilidade en todas as tarefas derivadas dos intercambios de mobilidade (alumnado e profesorado). A plataforma MoveOn debería funcionar moito mellor. Se acadamos isto, en facultades como estas sería máis sinxelo concentrar esforzos non tanto en desenvolver unha estratexia de internacionalización senón en dar visibilidade ao gran traballo que se fixo no eido da internacionalización no noso centro.»
- «No caso do noso centro interesaríanos poder ofertar dúas titulacións con universidades hispano-portuguesas do continente americano; por este motivo, sería necesario que a Vicerreitoría de Internacionalización remitise información sobre a modalidade mixta do noso grao aos centros de educación secundaria do citado ámbito hispano-portugués do continente americano.»
- «Actuacións conxuntas a nivel de universidade e non do centro.»
- «Presionar aos membros do equipo de goberno da universidade para que apoien o ensino en inglés.»
- «Ampliar acordos.»

- «Para prestar un servizo flexible ao alumnado entrante e saínte (contestación de correos electrónicos, xestión de documentación, apoio e asesoramento ao alumnado entrante, etc.) sería necesario contar cun número de persoal de apoio á subdirección.»
- «Unha vez definida polo noso centro a estratexia de internacionalización que pretende desenvolver, a Vicerreitoría debería servir de apoio e supervisar cada uns dos obxectivos a alcanzar.»
- «Participar de xeito conxunto coas persoas responsables de relacións internacionais nas reunións informativas dos programas de internacionalización que se pretenden facer no centro.»
- «Incrementar as materias impartidas en inglés. Cursos de inglés no centro para estudantes. Financiar a tradución ao inglés do sitio web; o noso centro só ten unha pestana en inglés, que é Alumnado entrante porque eu a traducín. Difundir as nosas titulacións en foros internacionais aos que asiste a Vicerreitoría. Financiar a presenza do profesorado nas redes sociais en inglés. Na actualidade, as redes sociais son xestionadas de forma totalmente afeccionada pola secretaria da facultade.»

5. Conclusións

Ao falar de **Estratexia internacional** en cada un dos centros da Universidade de Vigo é interesante ter en conta todas as particularidades destes e a situación na que se atopan neste eido. Esta debería traballarse sempre de xeito conxunto coas persoas responsables de relacións internacionais de cada centro, que poden actuar como enlace entre o equipo directivo do centro e a Vicerreitoría de Internacionalización.

Unha das accións esenciais é a da tradución e homoxeneizacións das webs dos centros, adaptando os contidos ás necesidades do estudantado internacional entrante tanto de matrícula ordinaria como baixo programas de mobilidade para que accedan á información que precisan.

Con respecto á **Mobilidade**, é fundamental a correcta e continua divulgación dos programas de mobilidade xa que o colectivo interesado varia todos os anos. De aí que resulta esencial que as persoas responsables de relacións internacionais de cada centro estean ben informadas e motivadas, dispoñendo de toda a información necesaria. Realizarase un manual de funcións do persoal responsable de relacións internacionais en cada centro. Tamén se analizarán incentivos.

En relación ao bloque de **Plurilingüísimo**, en primeiro lugar revisarase o Plan de Internacionalización Lingüístico que se vén prorrogando dende 2016-2017 e analizarase a posibilidade de incentivar ao profesorado para que participe no dito Plan e no programa de materias *English Friendly*. O feito de mellorar a nosa oferta de materias en inglés axudará na sinatura de convenios de colaboración e na captación de alumnado internacional tanto como alumnado regular como nos diferentes programas de mobilidade. Traballarase para que todas as titulacións teñan polo menos 30 ECTS en inglés ou que poidan ofertar materias *English Friendly*. Deste xeito, o estudantado poderá deseñar contratos de estudos acaídos. No referente aos estudantes entrantes, tamén será recomendable ofertar materias relacionadas coa *Cultura e Lingua Española* que suscitan un grande interese entre o estudantado ISEP (proveniente de Estados Unidos), canda un programa de lingua e cultura galega. Estas materias existiron no pasado e a súa eliminación repercutiu negativamente no número de novos participantes neste programa.

No caso de formación en inglés para o PDI e o PTXAS, é moi importante aumentar a oferta de actividades de mellora lingüística desde o Centro de Linguas da Universidade de Vigo, podendo empregar as aulas a disposición da Vicerreitoría de Internacionalización, tal e como se indicou nas respostas desta enquisa. O estudantado de novo ingreso sempre amosa moito interese en cursos de linguas, polo que aumentar a oferta sería importante.

Atendendo á **Internacionalización na casa**, os centros manifestaron interese por recibir información sobre este novo concepto e sobre as actividades nas que poden participar e/ou organizar (tándem

lingüístico, clases espello, COILs-*Collaborative Online International Learning*-, etc.). Levaranse a cabo accións informativas por parte da Vicerreitoría de Internacionalización para que os equipos directivos e o persoal responsable das relacións internacionais dos centros coñezan as iniciativas existentes.

Con respecto á **ATHENA,** atopouse que a comunidade coñece as actividades que se desenvolven no seu marco. Seguirase difundindo información a través da *newsletter* e a través de listas de difusión de avisos como as de [pdi] ou [comunidade]. Tamén se realizarán presentacións en liña, tal e como se fixo cos programas BIP, Erasmus+ PTXAS e Erasmus+ KA171.

Analizando a información reflectida no apartado do **Centro,** hai que ter en conta que a Vicerreitoría de Internacionalización, ademais de programar ao comezo do curso académico unha reunión para o estudantado entrante e para as persoas responsables de relacións internacionais dos centros, e charlas informativas sobre as convocatorias para o estudantado, PDI e PTXAS, ofrece apoio á hora de organizar sesións informativas en cada centro, desprazándose a eles sempre que o soliciten.

Porén, considerarase positivo concertar reunións máis personalizadas en cada centro co persoal da Vicerreitoría e da ORI para ter en conta as diferentes casuísticas.